

O artigo 8 dos Estatutos da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo establece que *“O Goberno e maila administración da Entidade corresponderalle aos seguintes órganos segundo o previsto nestes estatutos: Pleno da Mancomunidade, Comisión de Goberno, Presidentes, tres vicepresidentes “.*

Por outra banda, o artigo 9 dos Estatutos que regula especificamente o funcionamento do Pleno establece o seguinte:

*“Cada concello membro estará representado no Pleno da Mancomunidade polo seu alcalde e máis por outros representes designados polo Pleno de cada concello entre os seus membros corporativos na seguinte proporción:*

- *Concellos con poboación inferior a 5.000 habitantes: 1 membro*
- *Concellos con poboación entre 5.000 habitantes e 10.000 habitantes: 2 membros*
- *Concellos con poboación entre 10.000 habitantes e 25.000 habitantes: 3 membros*
- *Concellos con poboación entre 25.000 habitantes e 100.000 habitantes: 4 membros*
- *Concellos con poboación superior a 100.000 habitantes: 7 membros máis un representante máis por fracción de 25.000, superando os 100.000 habitantes.”*

Os representantes cesarán por perda da súa condición de Concelleiro ou por substitución por outro Concelleiro.

Na actualidade o Pleno da Mancomunidade de Vigo está integrado por 38 membros, entre os que se atopan os alcaldes ou alcaldesas dos oito concellos da MAIV e outros concelleiros/as municipais asignados de acordo con criterios de representatividade e pluralidade política.